



## ***ACONTECEMENTOS DO ANO***

A redacción do *Anuario Brigantino* agradece a colaboración especial para este apartado dos corresponsais locais de *La Voz de Galicia*, *El Ideal Gallego*, *La Opinión*, *El Correo Gallego*, *Betanzos e a súa Comarca*, *Mariñán*, *El Metropolitano* e *Red Comarcal*.

#### **2 de xaneiro de 2011**

No edificio do antigo Matadeiro tivo lugar un concerto de violonchelo e piano das betanceiras Eva Otero e Fátima Carro. >



Veiga

#### **2 de xaneiro de 2011**

Neste día entrou en vigor a Lei antitabaco, que prohibe fumar en recintos pechados. Isto trouxo consigo a imaxe dos fumadores nas beirarrúas e o uso maioritario das terrazas.

#### **4 de xaneiro de 2011**

Na madrugada deste día a sede do PSOE en Betanzos sufriu un atentado con cócteles molotov que ocasionaron danos materiais no edificio.

#### **4 de xaneiro de 2011**

Organizado por Radio Voz, coa colaboración de Cruz Vermella e o Concello, chegou á nosa cidade o Tren da Alegría con xoguets e actividades para os nenos no pavillón polideportivo.

#### **5 de xaneiro de 2011**

Celebrouse a tradicional Cabalgata dos Reis Magos de Oriente polas rúas da cidade. A organización correu a cargo do Concello.

#### **8 de xaneiro de 2011**

Dentro do Programa de actos do Nadal, celebrouse na Aula Municipal de Cultura un Festival Folclórico organizado pola Agrupación Cultural As Garelas da Asociación Cultural de Santo Domingo de Betanzos e o Concello, no que participaron grupos de Galicia e Portugal.

#### **14 de xaneiro de 2011**

Descubriuse a estatua dedicada ós areeiros betanceiros, realizada en bronce polo escultor de Malpica, Miguel Couto, e patrocinada por Portos de Galicia. No acto de inauguración estiveron presentes varios areeiros betanceiros, o propio escultor, así como o presidente de Portos, D. José Manuel Álvarez a alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo e varios concelleiros. >



Pariente

#### **14 de xaneiro - 14 de febreiro de 2011**

No Edificio Liceo puido contemplarse a exposición documental titulada «Galicia en foco, o fotoxornalismo galego» na súa XXI edición, organizada polo Club de Prensa de Ferrol.

#### **15 de xaneiro de 2011**

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo, tivo lugar o espectáculo «Nadal Máxico» dentro do V Circuito Galego de Maxia da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia.

#### **16 de xaneiro de 2011**

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo, tivo lugar un concerto extraordinario por conta da Camerata Brigantina do Concello de Betanzos.



Pariente

#### **17 de xaneiro de 2011**

Visitou a nosa cidade a conselleira de Traballo e Benestar, D<sup>a</sup> Beatriz Mato, con motivo da clausura do obradoiro de Emprego do Río Pelamios. Estivo acompañada pola alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo e varios concelleiros. >

#### **18-22 xaneiro de 2011**

Betanzos participou nestes días na Feira Internacional de Turismo (FITUR) celebrada en Madrid. Como en anos anteriores, a delegación aproveitou a ocasión para manter un encontro cos betanceiros alí residentes.

#### **23 de xaneiro de 2011**

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo tivo lugar a representación teatral da obra «Viva a crise!» interpretada pola compañía Fulano, Mengano e Citano, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

#### **25 de xaneiro de 2011**

No pleno celebrado neste día, presentou a dimisión como concelleira, D<sup>a</sup> Esperanza Sánchez Varela.

#### **Xaneiro de 2011**

No parque do Pasatempo foron instaladas dúas pantallas táctiles, para ofrecer información sobre a cidade de Betanzos ós visitantes do parque.

#### **Xaneiro de 2011**

Pechou definitivamente as súas portas A Casa das Gorras, situada na Praza da Constitución. Era un dos establecementos máis tradicionais da cidade.

#### **28 de xaneiro de 2011**

Presentouse no Edificio Liceo o II Encontro de Teatro Afeccionado de Betanzos que organiza a Agrupación Teatral Mariñán en colaboración co concello de Betanzos. O acto correu a cargo do presidente da Agrupación Teatral Mariñán, D. Juan Vázquez e a alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo.

O ciclo celebrouse os sábados do mes de febreiro na Aula de Cultura e contou coas representacións seguintes: «La doctora Jekyll y la señora Hyde» a cargo da compañía de Teatro Azar; «Aberto por folga. Cabaré Laboral», a cargo de Tangatutanga Teatro; «Os pecados capitais», a cargo da compañía Gargallada Teatro; pechando o ciclo, a compañía betanceira coa obra «Amor Filial», no que interviron os actores betanceiros José Luis Mañana, Juan J. Vázquez, Sara Zabalza e Inés Valiño. O programa completouse cun obradoiro de caracterización e maquillaxe e unha charla-coloquio sobre o teatro afeccionado en Galicia, a cargo da actriz e directora de teatro, Mónica Caamaño.



#### **4 de febreiro de 2011**

No edificio do antigo Matadeiro tivo lugar o *Festival de fusión musical de rock e folk*, organizado pola Asociación Cultural e Folclórica Os Brigantinos.

#### **8 de febreiro de 2011**

A presidenta de ACEBE, D<sup>a</sup> Antonia Anido e a alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo presentaron xunto ós alumnos de xardiñeiría o acto de entrega das macetas da campaña de apadriñamento pola que os comerciantes que así o solicitaron recibiron unha maceta para poñer diante do seu establecemento, comprometéndose a plantala e coidala.



#### **16 de febreiro de 2011**

A Xunta de Galicia a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo mercou oito casas das máis deterioradas da cidade para a súa rehabilitación. En concreto as números 13, 45 e 47 da rúa da Cerca, nº 13 da venela dos Clérigos, 3, 4 e 6 da Cortaduría e 75 da Rúa Nova.

#### **18 de febreiro-8 de marzo de 2011**

Puido contemplarse na Sala de mostras do edificio Liceo a exposición fotográfica titulada «Olladas Betanceiras 2010», realizada coas obras presentadas ó concurso de fotografía organizado polo concello para rapaces betanceiros de entre 14 e 35 anos. O primeiro premio foi para Fátima López Freire na categoría de «Paraxes brigantinas» e para Antón Taboada na de «Urban Art».

### 18 de febreiro de 2011

A alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo acompañada de varios concelleiros, inaugurou as reformadas pistas cubertas do Carregal, realizadas con cargo ó Fondo Estatal de Inversión Local. >



Pariente

### 23 de febreiro de 2011

Un grupo de alumnos de Massachusetts que participou nun intercambio co Instituto Francisco Aguiar de Betanzos, foi recibido na Sala Capitular do concello pola alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo e a concelleira de educación, D<sup>a</sup> María Jesús Teijo. >

### 2 de marzo de 2011

Tivo lugar no Edificio Liceo o acto de constitución do Consello de Zona Rías Altas e Arco Ártabro, presidido polo conselleiro de Medio Rural, D. Samuel Juárez, o director xeral de Desenvolvemento Rural, D. Antonio Crespo e a alcaldesa de Betanzos, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo.



Pariente

### 3 de marzo de 2011

Presentouse no Edificio Liceo o libro «Morto en fucsia» da betanceira, Elena Veiga Rilo, co que gañou o VI Premio Biblos-Pazos de Galicia. No acto estiveron presentes o xornalista e gañador do segundo Premio Biblos, Alberto Ramos; a escritora e secretaria da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Mercedes Queixas e o director do Clube Biblos, Tucho Calvo. >



Veiga

### 4-9 de marzo de 2011

Desenvolveuse ó longo destes días o programa de festexos do Antroido elaborado polo concello, con bailes, festas infantís e, como vén sendo habitual, rematou co Enterro da Sardiña. >

### 7 de marzo de 2011

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra teatral «Café ás cinco» por conta do Grupo de teatro do Centro de Maires de Novacaixagalicia de Betanzos.



César

### 9 de marzo de 2011

As rapazas betanceiras, Carmela Bao e Silvia Sánchez, foron premiadas cun cheque de mil euros cada unha, pola Fundación Villuendas por ter os mellores expedientes académicos do curso 2009-10 en



Betanzos. O acto de entrega do premio celebrouse no Edificio Liceo e contou coa presenza da alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo. >

#### 10 de marzo de 2011

No edificio Liceo a primeira betanceira nacida no ano 2011, Yumane Wade Abeal, recibiu un lote de agasallos donados por varias casas comerciais da cidade. O acto estivo presidido pola alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo, contou coa presenza da presidenta da Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos, D<sup>a</sup> Antonia Anido e a concelleira D<sup>a</sup> María Jesús Teijo. >

#### 12 de marzo de 2011

No edificio Liceo tivo lugar a VII Xuntanza de Labores Artesanais organizada polo Concello de Betanzos e a Asociación de Mulleres da Condesa. Foron máis de catrocentas atesanas de diferentes colectivos as que participaron na xuntanza.

#### 14 de marzo de 2011

Con motivo de visitar as obras Escola Infantil do Carregal e as da Casa da Xuventude, estivo na nosa cidade a conselleira de Traballo e Benestar, D<sup>a</sup> Beatriz Mato, acompañada pola alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo. >

#### 14 de marzo de 2011

Tivo lugar no edificio Liceo a entrega do III Premio Úrsula Meléndez de Texeda organizado polo Concello de Betanzos e destinado a cidadáns que traballan pola igualdade. Este ano foilles concedido a D<sup>a</sup> Salvadora Corral Delgado e a D<sup>a</sup> Pilar García Vázquez, que estiveron ó fronte dos seus postos no mercado municipal durante varias décadas. >

#### 15 de marzo de 2011

A alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo e o director do Centro Internacional de Estampa Contemporánea (CIEC), D. Pedro Galilea, asinaron un convenio de colaboración entre as dúas entidades.

#### 18 de marzo de 2011

Visitou as obras do edificio de deportes náuticos o presidente de Portos de Galicia, D. José Manuel Álvarez-Campana, quen estivo acompañado pola alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo e o concelleiro D. Andrés Porcas Fraga. >

#### 22 de marzo de 2011

Na Aula da Rede CeMIT de Santo Domingo, tivo lugar un acto no que participaron o alcalde de Pontedeume, D. Gabriel Torrente e a alcaldesa de Betanzos, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo, con motivo da posta en funcionamento da aula de Pontedeume.



Pariente



Pariente



Pariente



Pariente



Pariente

### 23 de marzo de 2011

A alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo, cedeu un local no edificio das antigas Escolas García Irmáns para a Asociación de Comerciantes en Empresarios de Betanzos. As chaves foron recollidas por D<sup>a</sup> Antonia Anido como presidenta da asociación. >



### 24 de marzo de 2011

Reabriuse o Centro Social da Terceira Idade do cantón de San Roque, despois das obras de rehabilitación. O acto estivo presidido pola alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo e varios concelleiros. >

### 24 de marzo de 2011

O Boletín Oficial do Estado deste día incorpora as castes de vide de «branco lexítimo» e «agudelo» ó Rexistro de Variedades Comerciais de España. Estas dúas variedades son autóctonas e ancestrais da zona das Mariñas. Isto foi debido a un proxecto de investigación da Fundación Juana de Vega e no estudo participou o Grupo de Viticultura II da Misión Biolóxica de Galicia (CSIC), a Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (EVEGA) da Xunta de Galicia e a Asociación de Viticultores e Adegoeiros de Betanzos e Comarca.



### 25 de marzo de 2011

No Telecentro da Oficina Municipal de Información Xuvenil celebrouse un Obradoiro de creación musical para rapaces, organizado polo Concello de Betanzos dentro do Programa de dinamización lingüística Bocaberta da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

### 25 de marzo de 2011

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar o concerto de The Homens, organizado polo Concello de Betanzos dentro do Programa de dinamización lingüística Bocaberta da Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

### 26 de marzo de 2011

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo tivo lugar a representación teatral da obra «Ai Carmela!» interpretada pola compañía Teatro de Adro, baixo a organización Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

### 29 de marzo de 2011

No pleno deste día tomou posesión do cargo de concelleira de Cidadáns x Betanzos (CxB), D<sup>a</sup> Beatriz García Naveira. >



### 1-17 de abril de 2011

No Edificio Liceo puido contemplarse a exposición conxunta titulada «Recantos-ecken» das artistas Inga Scheibel (Wilhelmshaven-Alemaña, 1979) e Noemí Lorenzo (Mugardos, 1983).

### 6 de abril de 2011

O Centro Pai Menni organizou as I Xornadas sobre Saúde Mental en persoas con discapacidade intelectual. Nelas participaron entre outros D. Manuel Serrano, xefe do servizo do Chuac; D<sup>a</sup> Coro Piñeiro, directora xeral de Dependencia da Xunta de Galicia; D. Mariano Páramo, presidente da Asociación Galega de Psiquiatría, o psicólogo, D. Manuel Martínez...

### 7 de abril de 2011

Os alumnos do IES As Mariñas, Mario Barreiro e Jesús Fuentes, baixo a tutoría do profesor D. Manuel Fuentes, acadaron a medalla de ouro no Skill de Vehículo industrial, na Olimpiada de Formación Profesional Spain Skills, en Madrid.>



Erias

### 8 de abril de 2011

No Edificio Liceo tivo lugar un acto de homenaxe ós areeiros brigantinos, que durante décadas traballaron na extracción de area na Ría de Betanzos. Entregóuselles unha reprodución da escultura do areeiro que está no porto, realizada por Miguel Couto. O acto estivo presidido pola alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo e contou coa presenza do escultor de Malpica.

### 9 de abril de 2011

Nun acto presidido pola alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo, a Fundación Villuendas, a través de D. Julio Villuendas Borondo e D<sup>a</sup> Mercedes Muñiz Cotos, entregou á Cofradía de Semana Santa un cheque por valor de 3.000 • que recibiu o seu presidente, D. Ignacio Abeal.



Pariente

### 9-10 de abril de 2011

Organizada polo Concello en colaboración coa Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos (ACEBE), celebrouse na Praza García Irmáns o mercado de oportunidades «Mercabetzanos». >



Arume

### 10 de abril de 2011

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo tivo lugar a representación teatral da obra «Go on!!!» interpretada pola compañía Malasombra, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

### 15 de abril de 2011

O Concello e a Cofradía de Semana Santa, a través da súa alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo e do presidente da asociación, D. Ignacio Abeal, asinaron un convenio de colaboración.




César

### 15-24 de abril de 2011

Ó longo destes días desenroláronse os actos de Semana Santa, que deron comezo coa lectura do pregón polo prior do mosteiro de Sobrado, P. Carlos Gutiérrez Cuatango. Os actos foron organizados pola Confraría de Semana Santa de Betanzos. >

### 18-30 de abril de 2011

Na Sala do Edificio Liceo puido contemplarse a exposición titulada «Mariñas e paisaxes» do artista Cristóbal Balseiro (Burela, 1970).







Pariente

#### **Abril de 2011**

Neste mes foron instaladas á beira do Mandeo cinco esculturas deseñadas polo artista brigantino Jesús Núñez. As obras, que foran encargadas no ano 2006, foron realizadas en chapa de aceiro cortén e construídas na Escola Taller Municipal.

#### **Abril de 2011**

Neste mes o Concello mercou un muíño na zona do río Pelamios, co obxectivo de completar as últimas actuacións executadas polo taller de emprego co que se puxo en valor unha ruta á beira do río.

#### **28 de abril- 1 de maio de 2011**

Un proxecto sobre a electricidade no rural galego, elaborado por un grupo de estudantes de 6º de primaria do Colexio Nosa Señora do Carme de Atocha, participou na Exposición Internacional de Ciencias celebrada en Bruxelas. O grupo estaba composto por: Jorge Muñoz, Rocío Vázquez, Daniel García e Gabriel Iglesias.

#### **30 de abril de 2011**

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación teatral «Sempre quixen bailar un tango», interpretada pola compañía Teatro Galileo. Organizou o Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

#### **Maio de 2011**

Ó longo deste mes levouse a cabo o programa de actos das Letras Galegas, organizado polo Concello, que este ano estivo dedicado a Lois Pereiro. Para o seu desenvolvemento contou coa participación de diversas agrupacións culturais betanceiras, aparte das propias institucións municipais como o Museo das Mariñas.

#### **Maio de 2011**

No Edificio Liceo tivo lugar a exposición dos debuxos participantes no 2.º Concurso de carteis do Día das Letras Galegas.



#### **1 de maio de 2011**

Foron moitos os betanceiros que se achegaron á Casa Consistorial para tocar e fotografarse coa réplica da Copa do Mundo de Fútbol gañada por España no Mundial de Sudáfrica. Foi recibida pola alcaldesa, Dª María Dolores Faraldo e diversos membros da corporación municipal. Ó acto acudiu o presidente da Federación Galega de Fútbol, D. José García Liñares.



Pariente



#### 2-4 de maio de 2011

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo tiveron lugar varios concertos didácticos para o alumnado dos centros betanceiros, por conta do alumnado visitante do Centro de Formación de Músicos Interventores da Universidade de Poitiers, dentro das actividades do Proxecto Galicia organizado pola Fundación Illa de San Simón, o Concello de Betanzos e o Centro de Formación de Músicos Interventores da Universidade de Poitiers. Rematando cun concerto na Praza da Constitución.

#### 3-24 de maio de 2011

Puido contemplarse no Edificio Liceo a exposición titulada «Cerámica tradicional na beira do río Miño e no Pelamios» organizada polo restaurador Xosé Lomba e o Concello de Betanzos.

#### 4 de maio de 2011

Dentro dos actos elaborados polo Concello con motivo das Letras Galegas, tiveron lugar nos centros educativos postas en escena por parte da compañía Duende Sico.

#### 6-8 de maio de 2011

Celebrouse no Carregal a XXVI Festa do Viño de Betanzos, organizada pola Asociación de Colleiteiros do Viño de Betanzos. Deu comezo coa lectura do pregón a cargo do periodista, Pablo Potabales. >



César

#### 9 de maio de 2011

O presidente da Xunta, D. Alberto Núñez Feijoo, visitou o Espazo Xove de Betanzos, xunto coa conselleira de Traballo e Benestar, D<sup>a</sup> Beatriz Mato, o director xeral de Xuventude, D. Ovidio Rodeiro e a alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo. >



Pariente

#### 9-31 de xullo de 2011

No Edificio Liceo presentouse a exposición no sobre a «Vida e obra de Lois Pereiro» da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

#### 12 de maio de 2011

O Centro Pai Menni obtivo a acreditación internacional ISO 9001 pola calidade dos seus servizos. A directora do centro, D<sup>a</sup> Inmaculada Segarra, recibiu a acreditación nun acto celebrado en Santiago e presidido pola conselleira de Traballo, D<sup>a</sup> Beatriz Mato e o copresidente de Novacaixagalicia, D. Mauro Varela. >



<paiмени.org>

#### 13 de maio de 2011

Nas instalacións de Vegalsa-Eroski de Betanzos presentouse a Campaña das Letras Galegas que consistiu na distribución entre os seus clientes de material divulgativo. No acto participou o director xeral da compañía, D. Joaquín González; o secretario xeral de Política Lingüística da Xunta, D. Anxo Lorenzo e a alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo. >



Arume

### 15 de maio de 2011

O remeiro do Clube Ría de Betanzos, Carlos Arévalo, conseguiu a Copa de España na distancia de 200 metros, no campionato celebrado no embalse de Verducido en Pontevedra. >

### 15 de maio de 2011

Na igrexa de San Francisco, tivo lugar o concerto da Orquestra de mulleres da OSG, dentro da programación do Festival Mozart 2011.

### 16 de maio de 2011

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación teatral da obra «Ladrón morto cando intentaba fuxir» por conta do grupo Teruca Bouza de O Seixo (Mugardos).



### 17 de maio de 2011

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo, tivo lugar a entrega de premios do 2.º Concurso de carteis do Día das Letras Galegas 2011, e do I Concurso de creación literaria. Os gañadores das distintas categorías foron: Inés Iglesias Louzao, categoría infantil 2º ciclo; Cristina Fernández Fornos, categoría infantil 3º ciclo; Adrián Feijóo Sánchez, categoría xuvenil en ESO; Lidia Gómez Martínez, xuvenil de bacharelato. Os agasallos ós premiados foron entregados por D. Julio Villuendas Borondo e Dª Mercedes Muñiz Cotos. Ó finalizar a entrega de premios tivo lugar unha lectura de poemas de Lois Pereiro a cargo da escritora betanceira, Elena Veiga, para finalizar o acto cun concerto da Coral Polifónica de Betanzos.

### 20 de maio de 2011

Dentro dos actos elaborados polo Concello con motivo das Letras Galega, tivo lugar no Telecentro do Centro Cultural Santo Domingo, un obradoiro de banda deseñada por conta de Fran Bueno, dentro do programa Bocaberta da Secretaría Xeral de Política Lingüística.

### 22 de maio de 2011

Neste día tiveron lugar as eleccións municipais, cos seguintes resultados:

PP.....3.136 votos  
PSdeG-PSOE.....2.513 votos  
BNG.....1.043 votos  
CXB.....539 votos  
CG.....210 votos  
Obtiveron, por tanto, a seguinte representación municipal: PP, 8 concelleiros; PSdeG-PSOE, 6; BNG, 2; CXB, 1.



### 25 de maio de 2011

No Edificio Liceo presentouse a Campaña de Verán de Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos (ACEBE). O acto que contou coa presenza da presidenta da asociación, D<sup>a</sup> Antonia Anido; do director de marketing de Gadisa, D. Antonio Cortés; da xerente e o director comercial de Peugeot, D<sup>a</sup> Beatriz Rey e D. Manuel Rey. O acto estivo presidido pola alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo.



Pariente

### 27 de maio de 2011

Na Sala Capitular, a alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo, recibiu un grupo de alumnos da Universidade Senior de Oporto. >

### 30 de maio de 2011

No Edificio Liceo presentouse a II Feira Empresarial e Comercial de Betanzos organizada pola Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos (ACEBE). O acto presidido pola alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo, contou coa presenza da presidenta da asociación, D<sup>a</sup> Antonia Anido; do director de zona de Novacaixagalicia, D. José Ulfe e de D. José Manuel Almansa, en representación de Algeco.



César

### Maio de 2011

O equipo de fútbol do Betanzos acadou o título de liga da categoría Preferente Norte, o que lle deu o ascenso á Terceira División. O equipo, corpo técnico e directiva foron recibidos na Sala Capitular pola alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo e polo concelleiro de Deportes, D. Andrés Porcas.

### Xuño 2011

Neste mes o artista betanceiro, José Valentín, realizou unha exposición no Sporting Club Casino da Coruña, consistente nunha colección de grabados titulados «Noite da Queima». Un deles foi o cartaz anunciador das lumeiradas de San Xoán da Coruña.

### 1-15 de xuño de 2011

No Edificio Liceo puido contemplarse a exposición titulada «Mentados» da artista Pilar García García, de Oleiros.

### 4 de xuño de 2011

Na Aula Municipal de Cultura terá lugar a representación teatral da obra *No le busques tres piernas al alcalde* por conta do Grupo de Teatro Xiría, organizada por Manos Unidas.





*D. José Ramón García Vázquez  
Alcalde-Presidente*



*D.ª María Barral Varela  
Concelleira*



*D. Diego Fernández López  
Concelleiro*



*D. Antonio Vázquez Lorenzo  
Concelleiro*



*D.ª Mónica Carneiro Cid  
Concelleira*



*D. Francisco M. Díaz Pereira  
Concelleiro*



*D.ª M.ª Dolores Faraldo Botana  
Concelleira*



*D. José Luis Santos Cobelo  
Concelleiro*



*D.ª María Jesús Teijo Antelo  
Concelleira*



*D. Pablo Tomé Crespo  
Concelleiro*



*D. José Ángel Rodríguez Prieto  
Concelleiro*



*D. Andrés Alberto Porcas Fraga  
Concelleiro*



*D.ª Olga María Golpe Santos  
Concelleira*



*D.ª Patricia Carro Fernández  
Concelleira*



*D. Henrique del Río Otero  
Concelleiro*



*D. Xosé Francisco Vales Fernández  
Concelleiro*



*D. Javier de la Fuente Lago  
Concelleiro*

#### 4-5 de xuño de 2011


Celebrouse ó longo destes días no Carregal a II Feira Empresarial e Comercial de Betanzos organizada pola Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos (ACEBE). O acto de inauguración contou coa presenza da xefa territorial de Industria e Comercio da Coruña, D<sup>a</sup> Tristana Moraleja; a presidenta de ACEBE, D<sup>a</sup> Antonia Anido; a alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo e diversos membros da corporación municipal.



Pariente

#### 4-15 de xuño de 2011

O Concello en colaboración coa Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, organizou o Campamento Deportivo Urbano para xoves entre 9 e 17 anos.



Pariente

#### 6-11 de xuño de 2011

Ó longo destes días véu desenrolándose o IV festival Internacional de Cine Documental das Mariñas Xanela ao Mundo (XOM), organizado polo Concello coa colaboración da Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual da Xunta de Galicia, e baixo a dirección do cineasta brigantino, D. Xosé Carlos Soler. >

#### 9 de xuño de 2011

Inaugurouse na Casa da Xuventude a exposición «De puertas para adentro», da artista Igone Urquiza. No acto estiveron presentes a xefa de Xuventude e Voluntariado da Xunta, D<sup>a</sup> Begoña Díaz; o director do Centro Internacional de Estampa Contemporánea, D. Pedro Galilea e a alcaldesa, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo.

#### 11 de xuño de 2011

Neste día tomou posesión a nova Corporación Municipal, saída das últimas eleccións municipais, que quedou composta do seguinte xeito:

Partido Popular: D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo Botana, D. José Luis Santos Cobelo, D<sup>a</sup> María Jesús Teijo Antelo, D. Pablo Tomé Crespo, D. José Ángel Rodríguez Prieto, D. Andrés Alberto Porcas Fraga, D<sup>a</sup> Olga María Golpe Santos e D<sup>a</sup> Patricia Carro Fernández .

Partido Socialista de Galicia-PSOE: D. José Ramón García Vázquez (que será o novo alcalde), D<sup>a</sup> María Barral Varela, D. Diego Fernández López, D. Antonio Vázquez Lorenzo, D<sup>a</sup> Mónica Carneiro Cid e D. Francisco Díaz Pereira.

Bloque Nacionalista Galego: D. Henrique del Río Otero e D. Xosé Francisco Vales Fernández.

Cidadáns por Betanzos: D. Javier de la Fuente Lago.



La Voz de Galicia

#### 11-12 de xuño de 2011

Celebrouse, con gran éxito de público, o I Festival Folclórico Nacional e Internacional BRIGANFOLK, organizado pola Asociación Cultural e Folklórica Os Brigantinos coa colaboración do Concello de





Arume

Betanzos. Participaron numerosos grupos folclóricos como Ballet Folclórico de Chiapas (México), Grupo de Danzas e Txiscularis Salleko (Vizcaia), Banda de Gaitas de Corbera, Asociación Cultural e Folklórica Paca Brizeño (Cadiz), Asociación Folklórica Aldaba (Salamanca), Grupo de Danzas El Castro de Columbianos (León), Grupo de Gaitas Castro Bergidum (León), Banda de Gaites Vila de Xixón, así como galegos, entre os que cabe destacar a participación de Susana Seivane e Xosé Manuel Budiño.

#### 12 de xuño de 2011

Nun acto organizado pola Asociación Cultural Eira Vella e coincidindo coa presentación da revista A Xanela, o grupo Fiandola, que conta nas súas filas cos músico betanceiros, Cristina Sánchez e Francisco López, presentou o seu último disco «Mimá», na Aula de Cultura. O novo disco inclúe música tradicional betanceira como é o caso da peza O Turito, que se tocaba o día da Purísima Concepción. >



#### 12 de xuño de 2011

Na igrexa de San Francisco tivo lugar un concerto a cargo da agrupación coral Capella Groningen (Holanda), titulado «Un paseo polo Renacemento», organizado polo grupo Canta Compañía da Coruña.

#### 17 de xuño de 2011

No Edificio Liceo tivo lugar a presentación do libro titulado *Catálogo de Carlos López García-Picos* de Javier Ares Espiño, editado polo Concello de Betanzos.

#### 17 de xuño de 2011

Celebrouse na Aula de Cultura o peche do curso da Escola de Danza «Danzarte».



Veiga

**18 de xuño de 2011**

Na praza da Constitución celebrouse o XIV Encontro de Bandas de, organizado polo Concello de Betanzos, coa participación da Banda Municipal de Música de Viveiro e a Banda Municipal de Música de Betanzos.

**18-19 de xuño de 2011**

Tivo lugar o VI Torneo de Fútbol Sala Cidade de Betanzos, organizado polo Club Troula FS.

**18 de xuño de 2011**

O médico betanceiro, D. Juan Suárez Barros recibiu a medalla de ouro e brilantes do Colexio Provincial de Médicos da Coruña. A medalla entregoulla o presidente da Xunta de Galicia, D. Alberto Núñez Feijoo, nun acto celebrado no Palacio de Exposicións e Congresos da Coruña.

**25 de xuño de 2011**

O Edificio do Matadeiro albergou o Festival Betanzos Summer dos grupos betanceiros Chicken Ass, Qando Band e David Miks.

**25 de xuño de 2011**

Celebrouse na Praza do Campo, coa asistencia de numeroso público, o peche da Campaña de Verán da Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos, co sorteo dun coche. >

**27 de xuño-1 de xullo de 2011**

Ó longo destes días tivo lugar nas instalacións polideportivas municipais e dos centros de ensino, o IV Campus Santo Domingo de Baloncesto organizado polo Club Baloncesto Santo Domingo.

**29 de xuño de 2011**

Na Aula do Centro para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica (CeMIT) do Concello, no edificio de Santo Domingo, tivo lugar a charla-obradoiro «Menores e internet: un reto para nais e pais».

**Xullo-Agosto de 2011**

Ó longo destes meses véu desenrolándose o programa de Noites de Cine, organizado pola Deputación da Coruña e o Concello de Betanzos.

### **Xullo-Agosto de 2011**

Ó longo destes meses véuse desenrolando o programa de Actividades de Verán organizadas polo Concello. Inclúense: campamento, talleres, actividades deportivas, etc.

#### **1 de xullo de 2011**

No Edificio Liceo a asociación Fragas do Mandeo celebrou o seu primeiro aniversario coa proxección de diversos traballos relacionados co medio ambiente no río Mandeo.

#### **2 de xullo de 2011**

Celebrouse cun torneo na Praza do Campo a clausura do IV Campus de Baloncesto, organizado polo club de Baloncesto Santo Domingo.



#### **3 de xullo de 2011**

Tivo lugar na catedral de Lugo a Ofrenda ó Santísimo Sacramento dentro das solemnidades do Corpus, que este ano correspondeu á cidade de Betanzos a través do seu alcalde, D. Ramón García Vázquez, quen como Delegado Rexio realizou a dita ofrenda no transcurso dunha Misa Solemne. A misa oficiada polo arcebispo de Santiago, D. Julián Barrio, contou coa presenza de representantes de cada unha das provincias do Antigo Reino de Galicia, como vén sendo habitual desde o ano 1669 en que se realiza. O alcalde estivo acompañado por numerosos betanceiros.

Ofrenda que fai o Alcalde-Presidente da Moi Nobre, Sempre Leal e Real Cidade de Betanzos dos Cabaleiros, como Delegado do Antigo Reino de Galicia, no Domingo da Oitaba da Solemnidade do Corpo e do Sangue do Señor, na Igrexa Catedral de Lugo, o presente ano de dous milo once.

Señor Sacramentado:

É unha ledicia voltar a esta magnífica catedral da milenaria cidade de Lugo, en delegación do Antigo Reino de Galicia, co obxecto de facerche presente un ano máis que os galegos estamos dispostos a ir xuntos, como faciamos nos séculos pasados, cara a ese incerto futuro que hoxe albiscamos.

Estar hoxe aquí unidos é un símbolo antigo dun país ancestral que, a pesar de selo, precisa lembrar e sementar ano tras ano a idea da galegitude como un valor de fe e de confianza no porvir. Unha galegitude acollidora, harmonizadora cos demais pobos de España, de Europa e do mundo, pero que se nega a diluírse no océano da globalización.

Galicia, a pesar de estar situada nun finisterre atlántico, foi, e aínda é, un xermolo permanente de europeidade, un centro articulador da idea de Europa, grazas ó Camiño de Santiago.

Dalgunha maneira, o día de hoxe estamos a facer unha peregrinación tamén cara a nós mesmos, cara ó noso corazón, que representa a cidade de Lugo, a Lucus Augusti dos romanos, a que leva no seu nome



ó luminoso deus Lug da vella cultura celta. Esa cultura que os achados arqueolóxicos, os topónimos e a tradición lendaria afirman insistentemente. Lembremos a extraordinaria estela funeraria de Apana, «celtica supertamática», do Museo Provincial de Lugo, ou tamén o único topónimo europeo que contén o nome dos celtas na lucense terra de Céltigos. Estas cousas son moi importantes, porque se xuntan ós modernos coñecementos da xenética que nos falan de que moi probablemente as xentes do gran Noroeste da Península Ibérica empezamos a emigrar cando os xeos fuxiron definitivamente cara ó Norte arredor do 8000 a. C. E esa emigración levounos, sobre todo, polas terras do arco atlántico. Non é estraño que teñamos lendas semellantes, as mesmas festas e a mesma maneira de ver a vida. Esa milenaria emigración fai, por exemplo, que o Tâmesis derive do Tambre ou que no Norte do Reino Unido quede a memoria dos brigantinos e a imaxe da deusa Brigantia, ou que compartamos o culto ás fontes nas nosas romarías.

Temos, por conseguinte, unha irmandade especialmente intensa con eses pobos que coma nós miran ó océano. Pobos que, coma os irlandeses ou os bretóns, nos reivindicán. É hora, pois, ollando ó Norte e a Occidente desde a Torre de Hércules, Patrimonio da Humanidade, de reforzar con decisión esta irmandade atlántica de fondas raíces. Si, porque irmandade é unha palabra fermosa que nos fala de familia e a familia ten que estar máis xunta que nunca cando o que domina en todo o mundo é a inmovilizadora palabra «crise».

Vivimos efectivamente unha crise de moitos tentáculos e dunha fondura insospeitada, un cambio xigantesco, porque non soamente se trata dun problema conxuntural das altas finanzas como nos din, senón que por debaixo está a substitución de todo un sistema enerxético que xa non dá á humanidade respostas fiables de futuro. Pero ademais, está a crise de valores que fai que quizais o que nos salvou no pasado xa non nos sirva agora. Temos que adaptarnos, investigar, explorar outros camiños, sacar o mellor de nós, e por iso é tan importante estar xuntos e imprescindible que afastemos dunha vez por todas as pequenas cousas que nos separan.

Nós sabemos procurar outros rumbos, porque levamos milleiros de anos emigrando, poboando outras terras e levando con nós a nosa maneira de ser e de vivir, de facer as festas xuntas e de sentir a tristura, tamén xuntas, cando esta chega. Pero é hora de que nos deamos conta de que vivimos nun dos poucos paraísos que quedan neste maltratado planeta e de que temos que aprender a coidalo como se merece. Temos xa que poñer en valor todo o inmenso patrimonio cultural que atesouramos. Chegou o tempo, en definitiva, de recoñecernos dunha vez por todas a nós mesmos como herdeiros un gran tesouro, o que nos legaron os nosos ancestros en forma de terra, de mar, de monumentos materiais e inmateriais, desa maneira de ser que non precisa máis que da palabra dada, de tantas cousas... Agora somos nós os que temos a responsabilidade de entregar esta herdanza ós nosos fillos e, por iso, precisamos a túa protección, a túa luz, para que saibamos ver o rumbo acertado entre os infinitos camiños e corredoiras do labiríntico mundo actual.

Protéxenos, Señor. Ten presente ós nosos emigrantes espallados polo mundo enteiro para que lles vaia ben na vida e para que poidan voltar algunha vez polo menos á Galicia que sempre levan no corazón. Axuda á nosa mocidade e a todos e todas nós para que o traballo e a saúde non falte, e fai que hoxe e sempre sexa para Galicia e para os galegos un día de festa, de ledicia e de esperanza.

#### **4 de xullo de 2011**

Na igrexa de Santo Domingo tivo lugar un concerto da Coral Harmonía Polifónica, da Asociación Amigos de la Nau Gran, da Universidade de Valencia, organizado polas parroquias de Betanzos en colaboración co Concello.

#### **8-10 de xullo de 2011**

Celebrouse a XIV edición da Feira Franca Medieval con gran asistencia de visitantes. Houbo diversas recreacións históricas realizadas coa colaboración de voluntarios e grupos teatrais: tributo das cen doncelas, queima da bruxa, expulsión de leprosos, ou a queima da cidade con carreira de bocois e torneos medievais. A feira deu comezo coa inauguración do alcalde, D. Ramón García e a lectura do pregón a cargo do escritor betanceiro, Xabier López.



## Pregón da XIV Feira Franca Medieval de Betanzos

Xentes de Betanzos, e das Mariñas, e da Montaña; xentes do Eume e da Ferrolterra; xentes deste, o noso contraditorio país galego e de aínda máis alá...

En verdade non sei se coñecedes o romance que un tal Samuel Langhorne Clemens, Mark Twain por *nom de plume*, pseudónimo ou alcume, deu en titular con moita orixinalidade e tino o que na lingua da pérvida Albión se dá en chamar «*A connecticut yankee in Kings Arthur Court*» e na fala da nosa nación, perdoando a pronuncia antecedente, «*Un ianqui de Conectica na Cohorte do Rei Artur*». Pois ben: resulta que nel, e digo no romance, o tal Samuel ou Mark ou como queirades ao cabo chamalo, comprácese en contarnos coma un señor enxeñeiro da factoría Colt, logo de levar un golpe na cabeza, retrocede séculos e séculos na roda dos tempos, ata chegar aos días nos que o fillo de Uther Pendragón (para algúns sempre o bastardo do duque de Gorlois) quixo reinar seu reino dende un lugar chamado Cameliard ou Camelot.

«Viaxar no tempo!», diredes vós. Pois sabede, xentes de Betanzos, das Mariñas, da Montaña, do Eume, da Ferrolterra, deste o noso contraditorio país galego e de aínda máis alá, que este que vos fala, contador de contos, rimador de versos e compoñedor de historias, en todas as artes principiante (aínda que obstinado), por culpa de todas pasando máis fame ca un mestre de escola, tivo non hai moito cumprida e cabal ocasión de facer algo parecido.

«E onde fuches ti, vergallán?», preguntará algún de vós. «Aos tempos de María Castaña? «Porventura aos tempos da Vella que Fía na Roca?» Pois non. Porque para dicir verdade –e xa non sei se sería culpa da forza do golpe ou da traxectoria que cobrou este meu corpo durante a caída- a min foime dado viaxar cara a adiante. Cara ao «futuro», se vos praxe escoitar palabras menos gastadas. E grazas que a porta que ata alí me guiou era unha porta que abre cara a ambos os dous lados. Porque as cousas que puiden ver con estes os meus ollos (queimados das lecturas, certo, mais suficientemente agudos e sagaces, coido, como para espreitar o que agochan as néboas máis tupidas), son cousas de certo estrañas. Non hei dicir que todas arrepiantes; nin desmedidas; nin decididamente repugnantes: non me atrevería a tanto. Mesmo algunhas hai, cómpre dicilo, que non deixan con todo de ter o seu aquel ou a súa graza. Sabede, por exemplo, que o home do futuro dedica varias horas do día a cultivar a amizade. Mais non creades que adoita facelo xa nas rúas e nas prazas, ou nos mercados, ou nos bancos corridos dunha taberna ou dunha adega. Creádelo ou non, temos que velo en soidade, perante unha placa luminosa e sibilante onde fai fornecemento de nomes -uns reais, outros alcuñas- para ao cabo do tempo gabarse de que ten 100, ou 200, ou 300, ou 400 amigos.

Sabede, poño por caso, que se contan cos dedos dunha a man as veces que a xente se bota á rúa para reclamar pan ou xustiza ou dignidade. Dunha vez, cando o balbordo desatado ao pé da miña fiestra parecía querer desmentir esa impresión primeira, resulta que aqueles centos, por non dicir milleiros



César

de individuos que berraban, e brincaban, e aínda daban palmas e facían soar os chifres, o que estaban a facer en realidade era celebrar a vitoria nunha caste de xogo de pelota con moito predicamento nestas e noutras moitas terras.

Sabede, *verbi gratia*, que xa non son os fillos da nación de Abraham quen acumulan xoias e moedas de ouro e prata para logo faceren fortuna cos empréstitos e outros negocios da escola de Dona Usura e Dona Cobiza. Segundo me tocou saber, xa non se poden facer distincións de credo ou raza neste punto, e se queredes pór rostro, ou cando menos nome, a un destes patricios da riqueza, dígovos que é cristián, e de Santander, alí onde Castela se debruza no mar dende a montaña, e que, aínda que pensedes que esaxero e fago broma, vai e ten a ocorrencia de se chamar mesmo coma o froito da rapina dos piratas ou dunha gavela de bandidos; sabede ademais que hai compañías que se din de «rating», nas que a xente máis ociosa e desocupada xoga aos dados coa fortuna de dúcias e aínda centos de países, sen que ninguén lles encomendase xamais asunto ningún relacionado co goberno e a administración da res pública.

Sabede, *por exemplo*, que as guerras seguen tinxindo de sangue as bandeiras e os pendóns de boa parte do mundo, e aínda que morren soldados, que si, que é certo, que negalo non é máis que darlle unha satisfacción a quen alí os manda, o máis común é que nelas, e digo nas guerras, morra xente que na vida colleu unha arma.

Sabede, poño por caso, que malia termos goberno de noso, hai gobernantes que pasan máis tempo entre o Xarama e o Gaudarrama que por estes pagos; que aos Irmandiños xa non se lles chama tal, senón Indignados; que xente hai que fai gala de non saber nin querer falar esta lingua galega nosa, e que no canto de levar o desprezo e o escarnio de quen se ten por xente cultivada, aínda recibe dela afervoados aplausos e cumpridos parabéns.

Sabede, *verbi gratia*, e xa remato, que malia que o enorme progreso das artes e das ciencias multiplicase por mil os alimentos todos que produce a natureza e lograrse remedio para mil e unha enfermidades, hai xente que morre de fame e outra que, aínda gozando dalgunha cousa á que meterlle o dente, non ten maneira humana de acceder ao medicamento, sexa por non poder pagalo, for porque quen o compuxo non quere vendelo.

Podería seguir contando moitas cousas, se non fose porque teño a fundada sospeita de que moitos de vós ben sabedes de qué estou a falar; porque se por ventura sodes quen de coñecer a ese Mark Twain, fillo dun país que só dentro de catrocentos anos vai figurar nos mapas ... En fin!

Non serei eu quen diga que calquera tempo pasado foi mellor. Ora que se alguén non lle pon remedio, o porvir, digámolo claro, non vai ser nin moito menos a patria do mellor dos mundos posibles. Por ende, e iso sabiano xa os antigos, e digo os que falaban latín, mais non o latín das misas, senón o de Virxilio e Horacio, o de Petronio e Apuleio, o que trata de Troia, e de Eneas, e de Xuno, e de Venus, e de Cupido, e de lupoanres, e de banquetes, e de festas minervais e dionisiacas, cómpre saber que o mellor que podemos facer, e máxime en xeiras coma estas, é «aproveitar o momento». *Carpe diem*,



amigos. Non hai outra. Collede e aproveitade estes días de feira franca, e como *de gustibus non est disputandum*, por seguir co latín aínda que sexa macarrónico, deixade as vosas preocupacións e as vosas disputas, sacudide derriba as penas, e bebede ou comedo ou bailade ou gozade dos moitos xéneros que nos achegan os mercados desta a nosa feira, e, se vos praxe, porque a noite que se achega pode ser propicia, namorádevos, por qué non.

Xentes de Betanzos, e das Mariñas, e da Montaña; xentes do Eume e da Ferrolterra; xentes deste, o noso contraditorio país galego e de aínda máis alá...

Se aceptades un último consello, facede destes días algo para lembrar, porque contra o que vos poidan dicir os que se teñen por sabios, a vida, a vida toda, esta feita de recordos.

E contra os recordos, madía leva, absolutamente nada pode o futuro.

*Xabier López*

### **12 de xullo de 2011**

Na Deputación Provincial da Coruña tomou posesión como deputada provincial, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo Botana. Foi elixida para o cargo de Vicepresidenta e Delegada de Cultura e Deportes. >

### **13 de xullo de 2011**

Na Praza da Constitución tivo lugar a representación teatral da obra «El caballero de Olmedo», proxecto presentado pola Aula de Teatro da Universidade de Murcia para a VI edición do programa «Las huellas de la Barraca», organizada pola Sociedad Estatal de Acción Cultural do Ministerio de Cultura.

### **13-29 de xullo de 2011**

Na Sala de Exposicións do edificio Liceo puido contemplarse a exposición titulada «Óleos de Blanca Arocas», da que é autora a artista Blanca Arocas Rivera (Cartelle-Ourense, 1940).

### **16-17 de xullo de 2011**

Tivo lugar o I Ciclo de Concertos pola Igualdade, no que participaron os grupos: May Thai, Torino Rockets e La Senda de Afra.

### **17 de xullo de 2011**

Celebrouse a IV Ruta da Auga, organizada polo Clube BTT Caimanes, cun circuito ciclista polas beiras do río Mandeo, que contou cun milleiro de participantes, e que rematou na Praza García Irmáns.

### **Xullo de 2011**

Ó longo deste mes viñéronse efectuando labores de limpeza das marxes dos ríos Mandeo e Mendo, realizadas coa colaboración da Demarcación de Costas de Galicia co Concello.

### **19 de xullo de 2011**

Na Sala Capitular do Concello celebrouse un acto de homenaxe ó expresidente do Centro Betanzos de Buenos Aires, D. Osvaldo Dans, pola súa labor de apoio ós betanceiros na emigración. O acto, que contou coa presenza da súa viúva, D<sup>a</sup> Nelly Fernández e a familia betanceira do homenaxado, estivo presidido polo alcalde, D. Ramón García.



Pariente



Pariente

### 20-22 de xullo de 2011

Desenrolouse ó longo destes días a XI Semana Internacional de Cine de Betanzos, organizada pola Universidade da Coruña coa colaboración do Concello de Betanzos e co apoio da Xunta de Galicia, Gadis e Novacaixagalicia. Este ano estivo dedicada á produtora coruñesa, Vaca Films e á figura de Lois Pereiro, autor ó que se dedicou o Día das Letras Galegas. Os actos consistiron na proxección de películas na Aula de Cultura, así como encontros de actores, directores e produtores de cine. Nos encontros participaron os directores Miguel Ángel Vivas e Emma Lustres, a actriz, Ana Wagener e o actor Luis Zahera. No acto de clausura entregouse o premio da Semana Internacional a Emma Lustres de Vaca Films.

### Xullo de 2011

O betanceiro, D. José Antonio Pérez Muíño, foi elixido presidente do Comité de Árbitros da Federación Galega de Fútbol.



### 30 de xullo de 2011

Ex futbolistas do Brigantium e do Betanzos rendíronlle un homenaxe a Francisco Freire, quen ó longo de corenta anos foi adestrador en distintas categorías do Betanzos e de equipos da comarca. O acto contou coa presenza de numerosos antigos xogadores e tamén a do ex-futbolista do Real Madrid, Amancio Amaro.



Araújo

*Anuario Brigantino 2011, nº 34*

### 30-31 de xullo de 2011

O padexeiro brigantino, Carlos Arévalo López conquistou dous metais (prata e bronce) nos Mundiais de piragüismo que se celebraron en Brandemburgo (Alemaña), nas probas de K2-200 e K2-500. >

### 1-12 de agosto de 2011

Véu desenrolándose o longo destes días o obradoiro «As mañás de verán» nas instalacións do CEIP Francisco Vales Villamarín, organizado polo Concello.

### Agosto de 2011

Ó longo deste mes e organizado polo Concello, celebrouse na Oficina Municipal de Xuventude o obradoiro «A arte de contar», destinado ós nenos.

### 2-31 de agosto de 2011

No Edificio Liceo tivo lugar a exposición titulada «Recunchos e xentes de Betanzos», da que é autora a fotógrafa Mercedes Rancaño (Lugo, 1964).

### 10 de agosto de 2011

Estivo exposto no Edificio Liceo un coche deseñado como proxecto fin de carreira na Escola Universitaria de Diseño Industrial de Ferrol, polo estudante betanceiro, Manuel Cortés Cuns, ó que lle deu o nome de «Seat Caneiro», en alusión ás romarías fluviais de Betanzos. >

### 13 de agosto de 2011

No antigo Matadeiro tivo lugar o V Torneo San Roque de Xadrez organizado polo Club Xadrez Betanzos.

### 13 de agosto de 2011

Na igrexa de San Francisco celebrouse o tradicional Concerto Cidade de Betanzos, coas actuacións da Agrupación Musical Carlos Seijo, a Coral Polifónica de Betanzos, a Banda Municipal de Música do Concello de Betanzos e, como invitados a banda francesa, Harmonie Fontaine.


### 14 de agosto de 2011

Na Praza da Constitución o alcalde, D. Ramón García, coroou á raíña das festas, a moza brigantina, Iria Otero Lamas. Seguidamente desde o balcón tivo lugar a lectura do pregón, que este ano correu a cargo do escritor, D. Xulio López Valcárcel. Este acto representou o comezo oficial das festas que este ano, entre outras atraccións, contou coa presenza da cantante Malú e dos grupo Berroquetto.

## Pregón das Festas

Prezada raíña, exmas autoridades, señoras e señores:

Estamos de festa. Se calquera excusa é boa para vir e disfrutar desta cidade, do bulicio das rúas e da hospitalidade da xente, moito máis se o motivo e a razón que nos convoca son as famosas festas de San Roque, patrón de Betanzos e avogoso en tantas ocasións, nomeadamente cando librou á cidade do azoute da peste.



Pariente



César





Arume

Betanzos irradia encanto, historia e nobreza por todos os recunchos: artística e monumental, foi unha das antigas capitais do reino de Galicia, como o testemuña o edificio máis representativo desa época, o Arquivo, o primeiro feito en España para ese cometido. Rúas e prazas foron escenario de fíton históricos e de sinxelos aconteceres diarios que son, co seu latexo de esforzos e leceres, os auténticos motores que a moven, o corazón que lle dá vida e progreso, non só nos eidos do comercio e da industria, tamén no avance da liberdade, da tolerancia e o respecto; cualidades que adoitan camiñar unidas á cultura.

E tamén nisto é exemplar Betanzos, auténtica capital cultural que conta co Anuario Brigantino, o CIEC, o Museo das Mariñas, o Certame de Gravado, As Balconadas, o Festival de Cine, A Feira Medieval; co Festival Internacional de Poesía, cuia recuperación desexo, e cun feixe de intelectuais e artistas de primeira orde: Jesús Núñez, Alfredo Erias, Xulio Cuns, Xesús Torres, Xabier López, Emma Couceiro, Elena Veiga, Gabriela Rodríguez, Maxi Rei..., entre outros.

Érguese Betanzos sobre este vello castro de Untia que agora nos acolle como bastión de fidalguía e resistencia irmandiña, harmonizando forza e elegancia, xenerosidade e xustiza, enseñas que a adornan e dignifican. Nas rúas estreitas e encostadas, nas graves solainas, nas prazas silandeiras as pedras gardan memoria dos anterigos, labirinto de sombras e de soños que ao longo de xeracións o tempo foi tecendo. Alcumada Betanzos dos cavaleiros, con Fernán Pérez de Andrade o Boo á fronte, en torres e fortalezas ecoan feitos heróicos cabo do silencio recollido de abadías e cenobios, Santa María de Azogue, San Francisco, tesouros arquitectónicos que estamos obrigados a conservar e protexer, como obriga temos



Arume



Arume

de protexer e difundir ese outro tesouro espiritual que é a nosa lingua, acaso a máis elaborada, complexa e excelsa creación colectiva, que nos distingue e nos identifica.

Betanzos dos cavaleiros mais tamén Betanzos dos traballadores, das amas de casa, dos comerciantes e artesanos, dos profesionais e dos labregos, Betanzos dos Betanceiros e dos que aquí se achegan. Acorada como unha nao senlleira entre os ríos Mendo e Mandeo, como os lendarios Tigris e Éufrates que bordeaban o Paraíso, así este paraíso das mariñas, coa galanía da paisaxe e a riqueza das hortas -destacando no seu día a produción de lúpulo- que poñen unha nota colorista e esperanzada en feiras e mercados.

Cidade espiritual que agabea cara ao alto nun pulo de beleza, poetas de diversas épocas ficaron deslumbrados ante a ría sinuosa e as marismas propicias. Betanzos acolle a xira fluvial, única, dos caneiros, xurdida da intención de prorrogar a festa subindo río arriba en romaría, unha xira que logo se converteu en referencia emblemática coas barcas adornadas mecéndose na calma, cando o verán, que é a xuventude da vida, invita a delectación sensual e á paixón amorosa.

«Noble doncela casta e pura, tan limpa como dos mares o cristal» dille don Galo Salinas a Betanzos. Don Francisco Vales Villamarín celebra o tradicional «globo grande» que vemos ascender maxestuoso cara os ceos ano tras ano con asombro renovado. Gumersindo Díaz recrea o mundo da vendimia (non se nos podía esquecer o viño de Betanzos!), e a graza feminina: «mociñas frescas carrexando as mouras uvas que brillan riba das cestas». Urbano Lugrís sitúa os Caneiros como fondo dunha imaxinería mariñeira de navíos, mareantes e sereas, pero non esquece a epifanía gorentosa da tortilla nin o «quente e mesto recendo da empanada campesiña».

Unha das primeiras mulleres que lle dedicou versos a Betanzos foi dona Luísa Acrestar, cun único e rosaliano título, «Nas orelas do Mendo». A dona Luísa habíana seguir outras autoras como Ánxeles Penas ou Pilar Pallarés. Con degaro amoroso, plenamente xustificado, honra Pérez Parallé ás mozas de Betanzos... e Uxío Novoneyra compón un dos seus máis celebrados poemas, ensoño que nos anaina como o río anaina as barcas levados polo son das palabras:

«Río Mandeo, inorde, ao son da noite.

As ondas do río devalaban lenes

levando as barcas soltas pro infindo do mar i a noite».

Con estes versos remato, non sen antes agradecer á Corporación Municipal o honor que me fan ao escollerme como pregoeiro destas Festas de San Roque 2011.


Saúde e alegría. Que teñan todas e todos vostedes moi boas Festas!

*Xulio López Valcárcel*



Fersal





Arume

### 15 de agosto de 2011

Na Praza da Constitución tivo lugar o acto de coroamento da raíña infantil das festas, a fermosa rapaciña, Laura Placer Picado, que recibiu a coroa de mans do alcalde, D. Ramón García. Seguidamente, María Peteiro Castro deu lectura ó pregón infantil.

## Función do Voto (16 de agosto)

Señor San Roque:

Cumpro unha tradición de séculos ao ter hoxe a honra de estar diante de Ti en representación do Concello de Betanzos. Coa emoción lóxica que sentimos os betanceiros e betanceiras cando nos diriximos a Ti, traio comigo unha chea de agradecementos, máis tamén de anxeios, de esperanzas e de ilusións que o noso pobo xustamente ten o dereito lexítimo de procurar.

Vivimos tempos de grandes mudanzas, tempos de dúbidas, tempos que nos esixen intelixencia e creatividade para atoparmos novos vieiros. Estamos todos preocupados, iso é verdade, porque os

cambios sempre nos causan unha fonda inquietude. A crise que vivimos ten múltiples dimensións e, case todas, de magnitudes planetarias.

Parece evidente que camiñamos cara a un cambio climático de consecuencias inimaxinables. Hai unha necesidade imperiosa de substitución das tradicionais fontes enerxéticas. Estamos a vivir as convulsións de crises financeiras que poucos entenden, mais que levan países irmáns á pobreza en cuestións de horas...

En fin, sei ben que son horas difíciles, mais entendo que a forza debemos atopala na renovación das análises dos problemas, e en deseñar e construír un novo mundo social, cultural e económico onde todos poidamos vivir con respecto mutuo, sen perder os dereitos que con xustiza nos pertencen como persoas e poder exercer iso tan importante que chamamos Liberdade.

Teremos que cambiar moitas cousas. É preciso que revisemos a educación dos nosos fillos para que

volva a harmonía entre a xente e a terra. Non é sostible que haxa pouca xente que saiba traballar nos oficios tradicionais que seguen a ter demanda. Vivimos nun paraíso, nunha terra riquísima cun clima privilexiado e, non obstante, vemos como de maneira increíble as nosas aldeas están orfas de nenos e, polo tanto, de futuro.

Semella que todo o sistema que con tanto esforzo construímos está feito para levar fóra os nosos rapaces e para abandonar os nosos maiores. Que nos pasou? A onde se nos foi o sentido común? Temos moito traballo por diante, moito que refacer doutro xeito e precisamos de todos para facelo: de todas as ideas, de todas as vontades. Porque a tarefa non é das que se fan con despotismo ilustrado, senón das que soamente se poden culminar para facer que a democracia máis participativa sexa unha realidade.

Neste camiño, as tradicións claro que teñen cabida, sobre todo aquelas que nos unen, como esta renovada Función do Voto dentro das Festas Patronais. Na encomenda que teño como alcalde pídoche que nos axudes, que os nosos mozos en vez de camiñar de novo cara a migración



Arume



milenaria, volvan ter traballo en Galicia; que a pobreza, que xa é unha triste realidade en moitas familias, fiquen borrada do noso mapa social, e que o optimismo retorne aos nosos corazóns. Non me esquezo de tantos e tantos emigrantes da nosa terra que, cheos de pena e de tristura, miran hoxe cara a Betanzos, e tampouco dos maiores, dos enfermos, dos parados etc. Pídoche, señor San Roque, que nos axudes neste difícil traxecto, que non deixes que o medo ao futuro nos atenace, e que fagas de nós un exemplo de ilusión e de esperanza no futuro.

*José Ramón García Vázquez (Alcalde de Betanzos).*

#### **16 de agosto de 2011**

O globo de papel, que vén realizando a familia Pita desde o século XIX, emprendeu como cada ano a súa viaxe cara ó ceo brigantino. Este ano esqueceu levarse a barquilla, e foi parar a Cela, no concello de Irixoa.



César



Veiga

#### **18 e 25 de agosto de 2011**

Gran cantidade de persoas e lanchas engalanadas disfrutaron destes dous días de festa polo río e Campo dos Caneiros. O Concello premiou as lanchas mellor engalanadas (500, 300 e 200 euros), que foron: «Froján» propiedade da Asociación Recreativa e Cultural «Mariñeiros do Regato dos Mouros», «Enredos» de Antonio Barral Ares e «A nosa bonita», propiedade de José Barral López.

#### **Agosto de 2011**

Deu comezo o Ciclo de Música «Brigacustic», con actuacións en distintos establecementos da cidade de cantautores como David Tabeada, Tontxu, Los Eternos, Aixa's Quartet (Betanzos), Marwan (Madrid), Yolanda Yone (Barcelona) e Marcos Mella.

*Anuario Brigantino 2011, nº 34*

**2 de setembro de 2011**

No edificio Liceo celebrouse unha Xornada de Turismo, organizada polo Consorcio das Mariñas, para dar a coñecer a certificación de calidade turística que impulsa a entidade.

**2-30 de setembro de 2011**

No Edificio Liceo puido contemplarse a exposición titulada Mulleres no Obxectivo, organizada pola Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.

**6 de setembro de 2011**

A betanceira María Dolores Pita Lisarrague, pertencente á Institución Teresiana, recibiu neste día en Manila o Premio Teresa de Calcuta 2011, pola súa obra de máis de cincuenta anos de compromiso cos máis desfavorecidos. O premio foille otorgado pola Fundación da Cámara Junior Internacional e a Federación Mundial de Jóvenes Líderes y Emprendedores. >



<campfiremedia.files.wordpress.com>

**8 de setembro de 2011**

Celebrouse a tradicional romaría dos Remedios no barrio da Ponte Vella, que congregou, como ven sendo habitual, a numerosas persoas da comarca.

**14 de setembro de 2011**

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo tivo lugar o concerto do Grupo Vocal Arsis Nova (Mar del Plata), organizado polo Coro de Cámara da Coruña en colaboración co Concello de Betanzos.



Arume

**16 de setembro de 2011**

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo presentouse o nº 33 do Anuario Brigantino. O acto estivo presidido polo alcalde, D. Ramón García, a quen acompañaban a delegada de Cultura e Vicepresidenta da Deputación, Dª María Dolores Faraldo, o concelleiro de Cultura, D. Francisco Díaz e o director da publicación D. Alfredo Erias. A presentación correu a cargo do ex alcalde betanceiro e iniciador da segunda época do Anuario, D. Vicente de la Fuente García.

#### **16 de setembro de 2011**

Morreu neste día D. Andrés Beade Dopico, quen desempeñou varios cargos directivos no Centro Betanzos de Buenos Aires, entre eles o de presidente entre 1980 e 1983. Na súa estada na cidade Arxentina foi dirixente da Federación de Sociedades Gallegas e director do seu periódico «Galicia» durante dous anos. De volta a Betanzos, foi concelleiro polo PS de G-PSOE de 1983 a 2003, desempeñando os cargos de concelleiro de Cultura (1983) e posteriormente como concelleiro das áreas de Emigración e Protocolo. Foi colaborador do *Anuario Brigantino*, onde publicou diversos artigos. Lembrámolo con agrado.>



#### **17 de setembro de 2011**

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo tivo lugar a representación teatral da obra *Se non queres, o mesmo dá*, baseada en textos teatrais e poéticos de Álvaro Cunqueiro, pola compañía Casahamlet.

#### **Setembro de 2011**

Instalouse na Praza de Galicia unha máquina dispensadora de leite fresca. A iniciativa foi da granxa O Cancelo de Bemantes.

#### **24 de setembro de 2011**

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo tivo lugar a VI Mostra de Corais, organizada pola Coral Polifónica de Betanzos na que actuaron, a Coral Polifónica Estradense, o Orfeón Lucense e a agrupación organizadora. O patrocinio foi de AGADIC (Xunta), coa colaboración de FECOGA e o Concello de Betanzos.



#### **24 de setembro de 2011**

No edificio Liceo presentouse o libro «50 recetas con moras y otros frutos silvestres», da autoría do periodista e escritor brigantino, Xesús Fraga, con fotos de Ana Couceiro e publicado na editorial Alvarellos.

#### **25 de setembro de 2011**

Na sesión do Pleno celebrado na Casa Consistorial, presentou a súa dimisión a concelleira polo Partido Popular, D<sup>a</sup> María Jesús Teijo Antelo.



### **27 de setembro de 2011**

Morreu neste día D. Manuel Regueiro Fernández (Lolos O Pataqueiro), quen fora guía da Danza de Labradores ó longo de moitos anos e un dos mellores animadores das tradicións festeiras de Betanzos, así como un colaborador do Museo das Mariñas. Desde o Anuario lembrámolo con agarimo. >

### **30 de setembro de 2011**

Organizada polas asociacións de pais dos colexios de Atocha e do Vales Villamarín, coa colaboración da Asociación de Viticultores Viña Ártabra e o Concello, celebrouse unha Vendima Infantil, co obxectivo de que os escolares coñezan os pasos de produción do viño.

### **2 de outubro de 2011**

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo tivo lugar a representación teatral da obra *Tango* interpretada pola compañía Sarabela Teatro. Organizou o Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

### **2-16 de outubro de 2011**

No edificio Liceo tivo lugar a exposición titulada «Imaxes da Coruña», da que é autor o artista José Canle García (Sada, 1935).

### **4 de outubro de 2011**

No Centro Pai Menni representouse a obra teatral «Silencio... Vivimos», unha obra encamiñada á terapia a través do teatro, producida pola compañía de D<sup>a</sup> Blanca Marsillach e Varela Producciones. A actriz e escritora estivo acompañada pola vicepresidenta da Deputación, D<sup>a</sup> María Dolores Faraldo e da xerente do centro, D<sup>a</sup> Inmaculada Segarra.

### **7 de outubro de 2011**

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar un concerto de guitarra de sete cordas a cargo de Fabiano Borges (Brasil), dentro do XXII Festival Internacional de Música de Pulso y Púa «Cidade de cristal» que organiza a Agrupación Musical Albéniz, coa colaboración do Concello de Betanzos.

### **7-11 de outubro de 2011**

Desenvolveuse no edificio Liceo o VII Festival Internacional de Títeres Consorcio das Mariñas (Galiceques 2011), no que participaron os seguintes grupos: Madero Grupo de Teatro (Perú), La Bicicleta (Costa Rica), Títeres Cachiporra (Uruguay), Taller de Arte El Colectivo (Argentina) e a compañía de Chile El Chonchón.

### **7-16 de outubro de 2011**


Celebrouse a I Semana da Tortilla, organizada polo Concello coa participación dos restaurantes da cidade. As degustacións realizáronse nos propios locais dos hosteleiros, con premios para os clientes. O premio para a mellor tortilla foi para Casa Miranda. >

### **8-9 de outubro de 2011**

Celebrouse na Praza do Campo a VIII edición do mercado de oportunidades MercaBetanzos, organizado pola Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos (ACEBE) coa colaboración da Xunta de Galicia, Deputación da Coruña e o Concello.

### **Outubro de 2011**

Entrou en funcionamento a pasarela peatonal do río Mendo.



César

### **22 de outubro de 2011**

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación teatral da obra *De cando meus pais me plantaron nunha maceta* polo grupo Mequetrefes Teatro, integrado dentro da Vicerreitoría de Extensión Universitaria da Universidade de Santiago. A obra foi escrita, dirixida e interpretada por Patricia Concheiro, Estevo Azañón e a betanceira, Lucía Abarrategui.

### **25 de outubro de 2011**

Na sesión do Pleno celebrado na Casa Consistorial, presentou a súa dimisión o concelleiro por CXB, D. Javier de la Fuente. Á súa vez, tomou posesión a concelleira do PP, D<sup>a</sup> María Milagros López Flores.>

### **26 de outubro de 2011**

As fortes choivas e a marea inundaron boa parte do barrio da Ribeira.

### **27 de outubro de 2011**

Presentouse no edificio Liceo o libro «No papel que mudo escoita» de Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero, con ilustracións da artista betanceira, Sabela Arias Castro. O acto foi promovido pola Asociación Cultural Eira Vella. >



### **28 de outubro de 2011**

Nun acto celebrado no edificio Liceo, homenaxeouse a figura do benefactor brigantino emigrado en Argentina, D. Manuel Naveira González. O ministro de Xustiza, D. Francisco Caamaño e o alcalde, D. Ramón García, fixéronlle entrega ós seus netos da nacionalidade española. As credenciais foron recollidas, en representación da familia, por D<sup>a</sup> Elina Naveira. No acto estiveron tamén presentes persoas que participaron nas xestións como o eurodeputado, D. Antolín Sánchez Presedo e o autor de varios traballos de investigación sobre esta familia, D. José Luis Couceiro Vicos.

### **30 de outubro de 2011**

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo tivo lugar a representación teatral da obra «Pelos na lingua» interpretada pola compañía Talía Teatro, organizada polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

### **2 de novembro de 2011**

O alcalde, D. Ramón García, presidiu a tradicional ofrenda de defuntos celebrada no cemiterio municipal.

### **2-15 de novembro de 2011**

No edificio Liceo tivo lugar a exposición de óleos titulada «Folerpas», da que é autora a artista M.<sup>a</sup> Jesús Sarandeses Fernández (Melide, 1952).



César

**4 de novembro de 2011**

Instalouse a nova ponte de madeira sobre o Mandeo en substitución da anterior estrutura retirada en días pasados. A nova ponte foi construída pola empresa Media Madera da localidade asturiana de Carreño. É unha réplica da ponte anterior con pequenas diferencias como a súa maior altura e con madeira tratada con sales hidrosolubles. Foi sufragada na súa maior parte pola Obra Social Caixa Galicia.

**Novembro de 2011**

Neste mes foron instaladas verxas de ferro no Cine Alfonso. Foron realizadas polo mestre de forxa, D. Marcelino Castro Maceiras, con deseño do enxeñeiro de edificación, D. Alberto Erias Morandeira.



Pariente



César

**5 de novembro de 2011**

O Concello homenaxeou ó padexeiro brigantino, David Mosquera Lendoiro, que acadou un terceiro posto no mundial celebrado días pasados en Singapur. O acto, presidido polo alcalde, D. Ramón García contou coa asistencia de integrantes do Clube de Piragüismo, amigos e familiares do deportista e varios concelleiros. Estivo tamén presente D. Julio Villuendas, quen subvencionou a viaxe do deportista a través da Fundación Villuendas.





**5 de novembro de 2011**

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a representación da obra *Médico a palos*, interpretada pola compañía Pinchacarneiro Teatro da Fundación Anade co patrocinio da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia.

**11 de novembro de 2011**

A fonte de Picachá cumpriu cen anos e con tal motivo celebrouse un acto no lugar, ó tempo que o Concello editou o debuxo do proxecto orixinal de D. Francisco Javier Martínez Santiso. >

**11 de novembro de 2011**

No edificio do Matadeiro tivo lugar o Desconcerto 2011, organizado por Galiza Nova e que contou con actuacións dos grupos: Ataque Escampe, Quando Band, Chicken Ass, e AID.



Pariente



Arume

**12 de novembro de 2011**

A tortilla do Mesón O Pote foi elixida como a mellor de España no «XIII Campeonato de España de Tortilla de Patatas» Trofeo Tescoma, celebrado en Alicante no marco do Congreso «Lo Mejor de la Gastronomía». A tortilla gañadora foi elaborada por Lida María Vargas e Alberto García. No mesmo concurso, «Casa Pepa», tamén de Betanzos, acadou o quinto posto.


**13 de novembro de 2011**

Celebrouse no local do Cine Alfonsetti un concerto da Agrupación Terra Meiga de Ferrol, encadrado dentro dos actos do Festival Santa Cecilia, organizados pola Coral Polifónica de Betanzos. O acto serviu para estrear as novas instalacións, despois da súa rehabilitación por parte da Deputación Provincial.



**18 de novembro de 2011**

Raquel Vázquez recibiu en Madrid o premio como gañadora do III Certamen de Poesía «Poeta Juan Calderón Matador» pola súa obra «Por el envés del tiempo». >





Arume

**19 de novembro de 2011**

Como ven sendo tradicional, os betanceiros que cumpriron o medio século reuníronse para celebrar o acontecemento.

**20 de novembro de 2011**

Celebráronse as eleccións a deputados a Cortes e Senadores. Na nosa cidade déronse os resultados seguintes: PP, 4.088; PSOE, 2.382; BNG, 880; IU-EU, 323; UP y D, 85; outros, 127; nulos, 165; en blanco, 129.

**25 de novembro de 2011**

Con motivo do Día Internacional Contra a Violencia de Xénero, o Concello organizou unha concentración na Praza da Constitución. O acto estivo presidido polo alcalde, D. Ramón García, que estivo acompañado de varios concelleiros. A xornalista betanceira, D<sup>a</sup> Lucía Tenreiro foi a encargada de dar lectura ó manifesto.



Pariente



Arume

**26 de novembro de 2011**

A Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Betanzos foi recibida polo Alcalde, D. Ramón García e varios concelleiros con motivo do seu 25 aniversario e pola súa labor de servizo á comunidade.



**27 de novembro de 2011**

Celebrouse a XV Maratón Volta á Ría de Betanzos, organizada polo Club de Atletismo As Mariñas, no que participaron máis de catrocentos atletas. O vencedor foi Santiago López Rodríguez e en categoría feminina, Verónica Montes.

**28 de novembro de 2011**

O Concello asinou un convenio de colaboración coa Asociación de Nais e Pais Brigantium, do Colexio de Infantil e Primaria (CEIP) Francisco Vales Villamarín.

**30 de novembro de 2011**

No pleno deste día tomou posesión do cargo de concelleiro de Cidadáns x Betanzos (CxB), D. Pedro Gómez Patiño. >



**2-11 de decembro de 2011**

Desenrolouse ó longo destes días a I Semana do Pincho, organizada polo Concello en colaboración cos hostaleiros. Nela participaron dezaseis establecementos, sendo elixido o mellor pincho o do Café Bar Tribeca. >



**2 de decembro de 2011**

Os alumnos dos colexios de Atocha e Vales Villamarín celebraron na Sala Capitular un Pleno Infantil, organizado polo Concello con motivo da conmemoración do Día dos Dereitos da Infancia. >



**2-28 de decembro de 2011**

No edificio Liceo puido contemplarse a exposición do IX Certame de Artes Plásticas Isaac Díaz Pardo, incluída no programa de exposicións itinerantes da Deputación da Coruña.

**2 de decembro de 2011**


Presentouse no edificio Liceo o libro «Nómades» da autoría do ilustrador betanceiro José Tomás e editado por Galaxia. A presentación correu a cargo do escritor e periodista betanceiro, Xesús Fraga. >

**3 de decembro de 2011**

Celebrouse na igrexa de San Francisco un concerto solidario para Caritas, organizado polo Rotary Club, e no que participaron a Banda Municipal de Música, Coral Polifónica de Betanzos, Agrupación As Garelas, Rondalla Carlos Seijo e o grupo Os Brigantinos.

**Decembro de 2011**

Desenrolouse ó longo deste mes o 3º Ciclo de Teatro en Familia, organizado polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC. Participaron as compañías: Galitoo, Áncora Producións, Teatro do Andamio e Teatrovador.





### 5 de decembro de 2011

O Concello renovou o convenio de colaboración coa Asociación de Comerciantes e Empresarios de Betanzos, contribuíndo con cinco mil euros ás actividades da asociación. O convenio foi asinado pola presidenta de ACEBE, D<sup>a</sup> Antonia Anido e o alcalde, D. Ramón García.

### 9 de decembro de 2011

Faleceu neste día D. Julio Romay Beccaría, ilustre avogado da cidade, quen fora alcalde de Betanzos desde 1974 a 1978, así como deputado provincial e delegado de Sanidade na Coruña. Desde o Anuario Brigantino, manifestamos por el o noso agarimo e recoñecemento. >

### 9 de decembro de 2011

Con motivo de achegar o comercio de Betanzos e premiar ós clientes celebrouse *Fashion's Night Out Betanzos*. Os comerciantes mantiveron os establecementos abertos ata as doce da noite e vestiron os seus locais de festa con decoración e pinchos para clientes e amigos.

### 11 de decembro de 2011

Dentro dos actos de Nadal abriuse un ano máis no edificio Liceo o Belén móbil que dirixe D. Manuel López Castro.

### 16 de decembro de 2011

Presentouse no edificio Liceo o libro «Contra Armada. La mayor catástrofe naval de la historia de Inglaterra», da autoría do profesor do IES Francisco Aguiar de Betanzos, D. Luis Gorrochategui Santos, coeditado co apoio do Ministerio de Defensa. Fixo a presentación Alfredo Erias. >

### 18 de decembro de 2011

Celebrouse a Regata Popular de Piragüismo Nadal 2011, organizada polo Club Náutico Ría de Betanzos-Piragüismo

### 26 de decembro de 2011

Na Aula Municipal de Cultura do edificio Liceo tivo lugar a actuación de novo circo coa obra «Ringo Rango» interpretada pola compañía Pistacatro productora de soños S.L., organizado polo Concello de Betanzos dentro da Rede Galega de Teatros e Auditorios da AGADIC.

### 27 de decembro de 2011

Dentro dos actos de Nadal, celebrouse na Aula Municipal de Cultura o Concerto de Nadal por conta da Camerata Brigantina.

### 30 de decembro de 2011

Celebrouse no edificio Liceo o XXX Torneo de Axedrez Nadal 2011, organizado polo Clube de Xadrez Betanzos, coa colaboración do Concello, La Caixa e Supermercado Froiz.

### Decembro de 2011

Todo este mes e parte do de xaneiro de 2012 desenvolveuse o programa de festexos do Nadal organizado polo Concello, que contou coa colaboración de diferentes asociacións e colectivos da cidade. O programa editado foi ilustrado cun debuxo de Andrea Méndez Castelos alumna do CEIP Francisco Vales Villamarín, que resultou gañadora do concurso de carteis de Nadal, do Concello.



Veiga



Anuario Brigantino 2011, nº 34

## NORMAS DE PRESENTACIÓN DE ORIXINAIS DO ANUARIO BRIGANTINO

### Tema

O Anuario Brigantino é una revista de investigación nos campos da Arqueoloxía, Historia, Historia da Arte, Historia da Literatura e Antropoloxía, podendo admitir excepcionalmente outros, segundo criterio do Comité Científico.

### Publicación

Os orixinais deberán ser inéditos. Oportunamente e diante de traballos de especial interese, o Comité Científico poderá contemplar a publicación de traducións, a reedición de traballos raros e/ou antigos, así como edicións corrixidas e/ou aumentadas de traballos publicados fora da revista.

### Formato e soporte

Os orixinais presentaranse a través dunha copia en papel Din-A4 e outra en soporte informático (Word ou procesadores similares). Cando sexa preciso tamén se poderá utilizar o correo electrónico. As direccións respectivas son: Anuario Brigantino, R/ Emilio Romay, 1, 15300 Betanzos, A Coruña, España.

### Extensión e ilustracións

Unha vez maquetado co estilo propio do Anuario, aconséllase que o traballo non supere as 25 páxinas, se ben o Comité Científico poderá establecer as excepcións que considere oportunas.

En canto ás ilustracións, o Anuario Brigantino caracterízase por favorecer a súa utilización sen máis atrancos que a coherencia co texto e o sentido común en canto o seu número, aspectos que quedan a criterio do Comité Científico, o mesmo que o emprego de cor ou branco e negro.

### Idioma

A redacción poderá entregarse en galego ou castelán, se ben, excepcionalmente e sempre a criterio do Comité Científico, poderá utilizarse outro idioma.

### Autor-Autores

Engadírase a dirección completa do autor ou autores, incluídos teléfonos e correo electrónico, así como a institución onde presten os seus servizos, se fora o caso, e o cargo que ocupan. Engadírase, así mesmo, nota biográfica do autor ou autores, que non exceda de 5 liñas maquetadas.

### Sumario e Abstract

Os orixinais deberán acompañarse dun sumario ou resumen na lingua do traballo e outro (*abstract*) en inglés, que non deben exceder, cada un, das 10 liñas maquetadas.

### Texto

Empregarase a *cursiva* para aquelas palabras que se utilicen como denominacións técnicas ou sexan alleas á lingua na que se redacta o orixinal.

Utilizaranse as comiñas « ... » para as citas textuais breves (inferiores a 50 palabras); as demais irán en parágrafo aparte e sangradas na marxe esquerda sen entrecomiñar.

As comiñas simples ‘ ... ’ resérvanse para encerrar significados.

As supresións de texto nas citas indícanse mediante tres puntos entre corchetes [...].

As intervencións do autor nas citas tamén se fará entre corchetes.

### Citas bibliográficas

Aceptáranse dous sistemas, separados ou mixtos.

A) Na medida do posible farase uso preferentemente do sistema de referencias parentéticas, información que se complementará coa bibliografía do final do texto. Entre paréntese sitúase o apelido (ou apelidos, se se considera) do autor ou autores, con minúscula e sen a inicial do nome propio, seguido por coma, espazo e ano de publicación. Se é preciso, despois de dous puntos, iría o número de páxina (se se sinala a primeira e a última, sepáranse por un guión). Se se trata dunha obra en varios volumes, antepoñeráse o número do que corresponda ó da páxina, separados por coma. Se o envío non é a unha páxina senón a unha columna, un documento, etc. incluírase antes da cifra a abreviatura correspondente. Exemplos: (Míguez, 2000), (García Bellido, 1943: 21), (Pastoureau, 1988: 261-316), (Meijide, 1988: doc. 2, 38).

Cando no mesmo ano hai dúas ou máis publicacións dun mesmo autor ás que hai que referirse, colócase detrás do ano unha letra para identificálas: (Monteagudo, 2000a)

Cando se inclúe o nome do autor no texto, entre paréntese pónse só o ano e, se procede, as páxinas. Exemplo: Como indicou Barreiro Fernández (1984: 51)...

Se hai máis dun autor, inclúense todos ata tres, separados por comas, e se hai máis pónse só o primeiro seguido de *et al.*

B) As tradicionais chamadas ou notas no corpo do texto indícanse mediante números voados. Neste caso, as citas bibliográficas numeradas a pé de páxina seguirán as normas expostas no apartado de Bibliografía.

### Bibliografía

A BIBLIOGRAFÍA situarase ó remate do traballo, seguindo unha orde alfabética por apelidos e, dentro do mesmo autor, por orde cronolóxica. Teranse en conta as consideracións seguintes: 1) os autores españois e hispanoamericanos ordénanse polo primeiro apelido e cando é idéntico, polo segundo; se este tamén se repite, polo nome. 2) os anglosaxóns, rusos e portugueses, polo 2º apelido, o paterno: KEYNES, John Maynard; PAWLOV, Ivan Petrovich; CAETANO, Marcello Jose Neves Alves...

Se se trata dun **libro**, indícarase o nome do autor (APELIDOS, nome completo ou só coa inicial), ano de publicación, *Título do libro en cursiva*. Cidade: Editorial (Colección se é pertinente). P. ex.: TILANDER, Gunnar, 1961, *Nouveaux mélanges d'étymologie cynégétique*. Lund: Carl Bloms (Cynegetica, 8).

Se se trata da **edición dun texto** indícarase o nome do editor(es) (APELIDOS, nome), seguido da expresión (ed(s).), ano de publicación, *Título da obra en cursivas*. Cidade: Editorial (Colección se é pertinente). P. ex.: TROMBETTI BUDRIESI, Laura (ed.), 2000, Federico II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*. Bari: Laterza (Collana di Fonti e Studi, 10). E incluírase unha entrada adicional baixo o nome do autor da obra: FEDERICO II, *De arte venandi cum avibus. L'arte di cacciare con gli uccelli*, ed. Laura Trombetti Budriesi. Bari: Laterza, 2000 (Collana di Fonti e Studi, 10).

Se se trata dunha **aportación nunha obra colectiva**, indícarase o nome do autor (APELIDOS, nome), ano de publicación, «título da aportación entrecomiñado», autor(es) da obra colectiva (se é preciso, mención ed., coord., dir., etc.), *Título da obra colectiva en cursivas*. Cidade: Editorial (Colección), páxinas:

FRADEJAS RUEDA, José Manuel, 2000, «Una traducción al castellano de Pero Menino ¿desconocida?». Andrew M. Beresford y Alan Deyermond (eds.), *Proceedings of the Ninth Colloquium*. Londres: Department of Hispanic Studies - Queen Mary and Westfield College, (Papers of the Medieval Hispanic Research Seminar, 26), 31-41.

Se se trata dun **artigo nunha revista**, indícarase o nome do autor (APELIDOS, nome), ano de publicación, «título do artigo», *título da revista en cursivas*, tomo en cifras arábicas: páxinas:

MORALES MUÑIZ, María Dolores Carmen, 1998, «Los animales en el mundo medieval cristiano-occidental: actitud y mentalidad», *Espacio, Tiempo y Forma, Serie III, Historia Medieval*, 11: 307-29.

Se se citan varios libros, traballos, etc. dun autor, poñerase APELIDOS, nome e debaixo, reservando tres espazos á marxe, indícarase o ano de publicación da obra, diferenciando coas letras, a, b, c, etc., os traballos publicados por un autor nun mesmo ano:

GARCÍA BELLIDO, A.


(1943a): «Algunos problemas de arte y cronología ibéricos»: *Archivo Español de Arqueología*, XV: 78-108.

**Documentos electrónicos en liña**, exemplo:

<<http://hemeroteca.betanzos.net>> [Consulta: 30 maio 2010].

**Corrección de probas**

Correrá a cargo dos autores, que deberán efectualas no prazo máximo dunha semana a partir da recepción.



*Do 18 de febreiro ó 8 de marzo de 2011 estivo aberta na sala de mostras do edificio Liceo a exposición fotográfica titulada «Olladas Betanceiras 2010», realizada coas obras presentadas ó concurso de fotografía organizado polo concello para rapaces betanceiros de entre 14 e 35 anos. O primeiro premio foi para Fátima López Freire na categoría de «Paraxes brigantinas» (abaixo) e para Antón Taboada na de «Urban Art» (arriba).*

ESTE ANUARIO BRIGANTINO 2011, Nº 34  
REMATOUSE DE IMPRENTAR  
NO PRELO DE LUGAMI EN  
BETANZOS O 25 DE  
XULLO DE  
2012